

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CONVOCATORIA E PUBLICACIÓN DAS BASES DO PROCEDIMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCCIÓN DE TAXIS NO MUNICIPIO DE BUEU-LICENZAS DE AUTO-TAXI (TRANSMISIÓN) RELATIVO AO ANO 2020

Expediente: 1282/2020- Código SIA 1399018. Relacionado con expdt. 1691-2016

Procedimiento: Licenzas de Auto-Taxi (Transmisión)

Asunto: PROBAS DE CAPACITACIÓN PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCCIÓN DE TAXIS NO MUNICIPIO DE BUEU CORRESPONDENTES AO ANO 2020

Unidad gestora: Departamento de Secretaría

Documento: Anuncio da Alcaldía

Trámite: Convocatoria e publicación das bases do procedemento para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no municipio de Bueu-Licenzas de Auto-Taxi (Transmisión) relativo ao ano 2020

ANUNCIO

Asunto: Convocatoria e publicación das bases do procedemento para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no municipio de Bueu-Licenzas de Auto-Taxi (Transmisión) relativo ao ano 2020.

Na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local con data de 18.05.20 acordouse aprobar as bases e a convocatoria das probas de capacitación para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no municipio de Bueu-Licenzas de Auto-Taxi (Transmisión), cuxas bases son as seguintes:



BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCCIÓN DE TAXIS NO MUNICIPIO DE BUEU E CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO PARA O ANO 2020**1.—OBXECTO**

O obxecto destas bases é regular o procedemento para obter o permiso municipal de condutor ou condutora de auto-taxi en vehículos adscritos ás licenzas municipais de auto-taxi a que se refire o art. 19 da ordenanza municipal reguladora do servizo de Taxi no termo municipal de Bueu publicada no BOPPO núm. 210 de 30.10.2015.

A obtención do referido permiso municipal será requisito necesario para exercer a actividade profesional de condutor ou condutora de auto-taxi.

2.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

2.1. As persoas físicas que desexen obter o permiso municipal de condutor ou condutora de vehículos auto-taxi no municipio de Bueu, teñen que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos 18 anos e non exceder da idade legal de xubilación.
- b) Acharse en posesión do permiso de conducción suficiente expedido polo órgano competente en materia de tráfico e seguridade vial (permiso de conducir da clase B ou superior).
- c) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico ou psíquico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión de condutor de taxi, nin ser consumidor habitual de estupefacientes ou bebidas alcohólicas.
- d) Non atoparse inhabilitado para o exercizo da profesión de taxista por sanción administrativa ou sentenza xudicial firme

2.2. Estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación das solicitudes.

3. SOLICITUDES**3.1. Forma de presentación**

Quen desexe realizar o exame para obter o permiso municipal de condutor ou condutora de vehículos auto-taxi deberá presentar solicitude, según o modelo normalizado adxunto ás presentes bases ou o correspondente ao trámite externo da sede electrónica.

A solicitude de participación no procedemento para a realización da proba de capacitación realizarase, de forma preferente, por medios electrónicos, a través do formulario dispoñible na sede electrónica do concello de Bueu, a partir da data de apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación.



Mércores, 3 de xuño de 2020

Núm. 105

Para a presentación das solicitudes a través do rexistro electrónico a sede electrónica do concello de Bueu admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal), e os certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado para a presentación presencial deste procedemento que se recolle como anexo I ás presentes bases.

O modelo de solicitude de participación no procedemento selectivo esta a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Rexistro do concello (Planta baixa da Casa Consistorial, rúa Eduardo Vincenti nº8, Bueu, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres), no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica electrónica do concello de Bueu á que se accede a través da <https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado “INFORMACIÓN XERAL”- Taboleiro de anuncios/sección “Fomento da actividade económica”) e na páxina web do concello (<https://concellodebueu.gal/>).

Non obstante, de cara a axilización na tramitación da fase de admisión de solicitudes, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través de correo electrónico á dirección secretaria@concellodebueu.gal achegando copia selada da solicitude presentada no organismo correspondente.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

3.2. *Contido da solicitude*

A solicitude de participación nas probas de capacitación profesional conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante, co enderezo electrónico a efectos de notificación. Nas respectivas solicitudes de participación, os aspirantes farán constar que reúnen os requisitos establecidos na base 2ª destas bases.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

Coa presentación da solicitude de participación no proceso selectivo entenderase que os/ as interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria, e que manifestan, baixo a súa responsabilidade que dispoñen da documentación que acredita o cumprimento dos requisitos.



Mércores, 3 de xuño de 2020

Núm. 105

Para ser admitido será necesaria a presentación, da solicitude de participación debidamente cumprimentada e asinada de acordo co modelo sinalado no Anexo I adxunto ás presentes bases, xunto co copia simple da seguinte documentación:

- a) Copia simple do DNI.
- b) Copia simple do permiso de conducir da clase B ou superior.

A documentación acreditativa dos apartados c) e d) da base 2ª, relativas a “Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico ou psíquico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión de condutor de taxi, nin ser consumidor habitual de estupefacientes ou bebidas alcohólicas.” e “Non atoparse inhabilitado para o exercizo da profesión de taxista por sanción administrativa ou sentenza xudicial firme”, deberá presentarse posteriormente de acordo co indicado na base 8ª.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

O concello poderá en calquera momento requirir a calquera das persoas aspirantes a documentación orixinal para a súa comprobación e cotexo.

3.3. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A estes efectos, resultará aplicable a interrupción deste prazo establecida na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14/03/2020), de xeito que o seu cómputo comezará no momento no que perda vixencia o citado real decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas.

A presentación das solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.4.—Ampliación do prazo nos supostos de non dispoñibilidade da sede electrónica.-

Cando no derradeiro día do prazo se produza unha incidencia técnica que imposibilite o funcionamento da sede electrónica do concello de Bueu, o prazo afectado ampliarase automaticamente, ata o seguinte día hábil, en beneficio de todas as persoas interesadas no procedemento, aínda que esta ampliación só producirá efectos para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións por medios electrónicos, no senso indicado no apartado 1º. da presente base.

Para que se produza a ampliación automática do prazo segundo o previsto neste artigo será necesario que a incidencia teña unha duración continuada superior a 1 hora nas últimas 24 ou de menos de 1 hora nas últimas 12 do prazo.



Mércores, 3 de xuño de 2020

Núm. 105

A ampliación do prazo será, no seu caso, obxecto de publicidade mediante un anuncio publicado no taboleiro electrónico, sección emprego público, da sede electrónica do concello de Bueu, no que se indicará con claridade a incidencia informática que da lugar á ampliación do prazo e a verificación da mesma, así como o día hábil seguinte no que finaliza o prazo ampliado.

En todo caso, para que se produza a ampliación automática regulada nesta base, deberá quedar constancia no expediente desta incidencia técnica mediante un certificado expedido ao efecto, ou documento equivalente, co visto e prace do órgano do concello con competencias na xestión da área de innovación tecnolóxica, no que conste tal incidencia, o tempo que permanecee inactiva a sede electrónica e, na medida do posible, as súas causas.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución aprobando as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as, coa expresión das causas de exclusión e prazo de corrección.

Así mesmo, na devandita resolución farase constar o lugar, data e hora de realización do exame.

A lista provisional de admitidos/ as será exposta no Taboleiro electrónico de Anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado “INFORMACIÓN XERAL”- Taboleiro de anuncios/sección “Fomento da actividade económica”), sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello. Na mesma resolución determinarase a composición do tribunal cualificador.

Posteriormente a alcaldía ditará resolución aprobando as listas definitivas de admitidos/ as e excluídos/ as, coa expresión das causas de exclusión, que deberán ser publicadas da mesma forma que as provisionais. Se non houberse ningunha persoa excluída nas listas provisionais non será necesario a publicación de listas definitivas, considerándose as primeiras definitivas.

O feito de figurar na relación de admitidas/os ás probas de capacitación, non prexulgará que se lles recoñeza ás/aos aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no devandito proceso convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas admitidas superen as probas de capacitación. Cando da documentación que deben presentar tras superalo se desprenda que non posúen algún deses requisitos, decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

5. EXAME

5.1 O exame constará dun exercicio con 50 preguntas tipo test con 3 respostas alternativas, sendo só una delas correcta.



Mércores, 3 de xuño de 2020

Núm. 105

Versará sobre as seguintes materias:

a) Coñecemento do termo municipal de Bueu, e os seus arredores, as súas vías públicas e a rede de estradas da comunidade autónoma, os lugares de interese turístico, oficinas públicas, centros sanitarios, dependencias oficiais e hoteis principais, así como os accesos e itinerarios máis directos para chegar a eles e a calquera punto do termo municipal.

b) Coñecemento da Lei de seguridade vial, da Ordenanza municipal reguladora do servizo de Taxi (BOP.PO núm. 210 de 30.10.2015), da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e do Decreto autonómico 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia

c) Coñecemento das normas relativas ao servizo, réxime e aplicación das tarifas de taxi.

d) Coñecementos oportunos para atender debidamente ás persoas usuarias en xeral e, en particular, a aquelas que teñan mobilidade reducida ou que presenten algunha discapacidade física ou psíquica, limitacións sensoriais ou que sexan mulleres gestantes ,

e) Coñecemento da lingua galega

f) Coñecementos básicos de primeiros auxilios

g) Posuír coñecementos contables e fiscais básicos sobre a actividade do transporte de persoas viaxeiras en vehículos de turismo

5.2. Os aspirantes contarán cun tempo de 60 minutos para a realización do exame.

5.3. A cualificación da proba farase eliminando unha resposta correcta por cada catro incorrectas, sendo necesario para superar a proba obter polo menos un 5. O Tribunal adoptará, sempre que sexa posible, as medidas oportunas para garantir que os exercicios sexan corrixidos e valorados sen que se coñeza a identidade dos/ as aspirantes.

6. DESENVOLVEMENTO DO EXAME

Os/ as aspirantes admitidos/as deberán concorrer ao exame provistos/ as de documento oficial vixente que acredite a súa identidade (DNI/ NIE, permiso de conducir ou pasaporte).

A súa falta de presentación dará lugar á non admisión do aspirante para a realización do exame. Para a correcta realización do exame, os aspirantes deberán ir provistos de bolígrafo azul ou negro.

Durante a realización do exame non se permitirá a formulación de ningunha pregunta aos membros do Tribunal relacionada co contido das preguntas.



Mércores, 3 de xuño de 2020

Núm. 105

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

7.1. O Tribunal estará composto por tres funcionarios/as do concello de Bueu, actuando un/a de eles/ as como Presidente/a, un como Vogal, actuando un/a terceiro/a como Secretario/a, este/a último/a con voz pero sen voto. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

7.2. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

7.3. Os/ as membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración da proba e para a publicación dos seus resultados.

7.4. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/ as especialistas, quen se limitará ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión.

7.5. A composición do Tribunal será publicado xunto coa publicación da lista de aspirantes admitidos e excluídos.

8. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E EXPEDICIÓN DO CERTIFICADO DE APTITUDE PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE

8.1. O Tribunal cualificador publicará o resultado dos exames no prazo máximo de 15 días hábiles, publicándoo no Taboleiro electrónico de Anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado “INFORMACIÓN XERAL”- Taboleiro de anuncios/ sección “Fomento da actividade económica”), sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello,

8.2. Unha vez publicadas as cualificacións os interesados poderán interpoñer reclamacións correspondentes ao exame no prazo máximo de 03 días hábiles.

8.3. Unha vez superado o exame procederase, de oficio, á expedición do certificado de aptitude a todas as persoas declaradas aptas na proba de capacitación.

Para a expedición do certificado, deberá achegarse polo interesado a seguinte documentación:

a) Certificado ou informe médico emitido por médico colexiado que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico ou psíquico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión de condutor de taxi.

Os certificados ou informes presentados que non indiquen o establecido no anterior parágrafo, non serán admitidos (considérase caducado se pasaron máis de tres meses entre a súa data de expedición e a data da apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación).



Mércores, 3 de xuño de 2020

Núm. 105

b) Declaración xurada de Non atoparse inhabilitado para o exercizo da profesión de taxista por sanción administrativa ou sentenza xudicial firme

8.4. O permiso municipal de condutor ou condutora de auto-taxi terá a validez prevista no artigo 19 da ordenanza municipal.

O permiso municipal de condutor ou condutora de auto-taxi perderá a súa vixencia por incumprimento sobrevindo de calquera dos requisitos establecidos para a súa obtención.

9. LEXISLACIÓN APLICABLE E RECURSOS

A presente convocatoria e cuantos actos derívense dela rexeranse polo establecido na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Vixentes en Materia de Réxime Local, a Ordenanza municipal reguladora do servizo de Taxi (BOP.PO núm. 210 de 30.10.2015), da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e do Decreto autonómico 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia .

A convocatoria, as súas bases e cuantos actos administrativos derívense destas esgotan a vía administrativa, podendo interpoñer os/ as interesados/ as recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. Así mesmo, poden interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes para contar desde a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que estimen procedente.



ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCIÓN DE TAXIS NO MUNICIPIO DE BUEU**I. DATOS PERSOAIS**

Apelidos:	_____
Nome:	_____
D.N.I.:	_____
Dirección:	_____
Tif:	_____
Localidade:	_____
Provincia	_____

II. DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico facilitado a continuación:

Correo electrónico

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

Electrónica a través da SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BUEU <https://bueu.sedelectronica.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada, e deberá acceder á notificación no apartado CARPETA ELECTRÓNICA/ CAIXA DE CORREO ELECTRÓNICO.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

Dirección: _____

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente na Sede electrónica do concello de Bueu <https://bueu.sedelectronica.gal> no apartado CARPETA ELECTRÓNICA/ CAIXA DE CORREO ELECTRÓNICO, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.



Mércores, 3 de xuño de 2020

Núm. 105

III. EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do procedemento para obter o permiso municipal de condutor ou condutora de auto-taxi en vehículos adscritos ás licenzas municipais de auto-taxi a que se refire o art. 19 da ordenanza municipal reguladora do servizo de Taxi no termo municipal de Bueu publicada no BOP.PO núm. 210 de 30.10.2015, convocado mediante publicación no BOP.PO núm..... de data.....e de acordo coas condicións establecidas nas bases que as regulan publicadas no citado boletín, pola presente comparezo e declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
- Que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas correspondentes bases reguladoras do procedemento, concretamente os relacionados na base 2ª.

IV. Polo exposto, SOLICITO ser admitido ao correspondente proceso de capacitación profesional para obter o permiso municipal de condutor ou condutora de auto-taxi en vehículos adscritos ás licenzas municipais de auto-taxi no municipio de Bueu, achegando ao efecto a seguinte documentación consonte esixe a base 3.2:

- Copia simple do DNI
- Copia simple do permiso de conducir da clase B ou superior.

Bueu, a----- de----- de 2020

Sinatura:



Mércores, 3 de xuño de 2020

Núm. 105

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP.PO).

Advirtese, respecto do prazo de presentación de solicitudes de participación establecido nas bases reguladoras do procedemento de capacitación, que resultará aplicable a interrupción deste prazo establecida na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14/03/2020), de xeito que o seu cómputo comezará no momento no que perda vixencia o citado real decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas.

Ao respecto advirtese da derogación da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, con efectos dende o 01 de xuño de 2020, operada pola Disposición derogatoria única (apartado 2º) do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 publicado no BOE núm. 145 de 23.5.2020

Os sucesivos anuncios referentes a este procedemento publicaranse no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (epígrafe «Información xeral», taboleiro de anuncios/sección Emprego público), sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello.

O que se fai público para xeral coñecemento.

(documento asinado electronicamente)

